





A cumprir as escuras vaguedades,  
da costa verdecente ten chegado  
o bardo das edades,  
lanza e escudo dos bós e xenerosos;  
o que apreixóu outrora,  
no ben acompasado  
fungar dos rumorosos,  
a profética voz alentadora.

Está con nós, ergueito á veira nosa,  
o do céltigo clán, mestre druída  
coa litúrxica fouce miragrosa,  
a lira de ouro e ferro  
e a barda en albas rosas frorecida;  
o dos craros acentos sonorosos,  
cantor dos altos feitos;  
o que ordeóu, para os afáns groriosos,  
aparellar os esforzados peitos.

¡Irmáns na Causa! ¡Os tempos son chegados!  
Nestrorra de varil rexurdimento,  
en cibdades, aldeas e escampados  
Galicia enteira estremecida escoita  
o berro nunca dado a esquecemento  
con que nos chama, impregador á loita  
que comanda os míticos guerreiros  
do pinal encantado de Froxán,  
o que deixóu os bélicos loureiros  
a verdecer na estrofa que pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán...!

¡Os tempos son chegados! ¡Galicia canta e pregal!  
¡Xa maduróu a espiga  
na campía galega!

Como na enxebre, céltiga cantiga,  
da alborada que anuncia o alto gozo  
das xornadas de sega  
o novo sol, o sol ridente e mozo  
está batenda á porta  
da casíña labrega.

¡Xa está lograda a espiga,  
randeando, doirada,  
as luces da alborada  
na campía galega!

¡E forza porse en pé! E nosa obriga  
temprar as fouces, encoirar o mallo  
e sair, animosos, cara a veiga,  
a escomenzar o redentor traballo.

¡Tras de loitar sin trégoa  
virá o repouso á sombra do carballo!

¡Irmáns, todos a unha! ¡Arrodeade a leira!  
¡Que regue a nosa terra o suor noso  
e a fouce corra no tronzar certaíra!

¡Escoitade o punxente  
berro do vagoroso:  
«Diante de vós ondea  
a barda de ouro ardente...  
¡Segade a vosa herdade!

¡Ai de aquél que non sea valente!  
¡Segade, galegos; con forza, segadel!»

RAMON CABANILLAS

## Vilar Ponte

Fun amigo, amigo fraterno  
de Antón-Villar Ponte. Conoci-  
do ben. Sei canto bulía na  
mente d-aquel home: que era  
poeta por riba de todo. Poeta  
cando facía periodismo, pois  
no seu labor periodístico puña  
decote unha migalla de senti-  
mento lírico. Poeta cando facía  
dramas, pois como dramatur-  
go a súa lira era unha estrela  
tremeluciente d-emoción. Poeta  
cando facía política, pois n-él  
a política era unha arela de re-  
dención da terra. Poeta deco-  
te, máis sobre todo poeta no  
amor á Galicia.

Villar Ponte amaba á Gali-  
cia c-un amor panteísta, casi  
físico, fortemente biolóxico. Foi  
Villar Ponte o que cantóu o  
desexo de comer terra e a bele-  
za do acto en que o home—  
ateigado d-emoción—come ter-  
ra: a terra física, a terra de ter-  
ra, onde todos seremos ente-  
rrados. Foi Villar Ponte o que  
cantóu a comunión da terra,  
feita, ao comulgar, bebendo lei-  
te e comendo mel. Leite, n-esta  
comunión, que era pra o gran  
namorado as herbas dos nosos  
campos feito celme docísimo  
xurdindo das tetas das vacas.  
Mel que era pra él, alquimia  
das frores humildosas dos no-  
sos montes e das nosas veigas.  
Foi Villar Ponte o que cantóu  
o recender dos nosos viños,  
sol callado en froito, aire da  
nosa terra trasposto na quími-  
ca das parras galegas.

Foi Villar Ponte o que, gran  
namorado de Galicia, amouna  
nos toxos, nos pinos, nas la-  
bercas, nos ríos e nas fontes.

Morreu Villar Ponte, i-eu sei  
que agora é feliz. Está baixo  
da terra, de terra, de terra e de  
pelouros, e baixo d-ela él se  
fará terra tamén, pra que co-  
mulguen con ela, o día de ma-  
ñán, os que sigan o camiño  
que él trazóu e que non será  
esquencido endexamáis en Gali-  
cia.

JAIME QUINTANILLA MARTINEZ.  
(Do homaxe do Grupo «Abrentes».)

Si non abondaran as razóns, os  
centos de razóns, que Galicia ten pra  
desexar a autonomía hai un argumen-  
to irrefutabel.

A eisperencia do centralismo que  
a Galicia non ocasionou máis que  
perxuicios sin conto. No orde espi-  
tual e no orde material.

Si alguén pensa que Galicia con  
autonomía estaría mal ten que reco-  
noscer que é imposibel, materialmen-  
te imposibel, que estivera peor do  
que está actualmente.

## A ANTON VILAR PONTE

Ven xa, diviño Apolo, préstame a tua lira,  
témprama cariñoso, témprama prañideira  
pra chorar por aquil que da vida fuxira  
adourando a Galicia sua nai feiticeira.

Hoxe chora Galicia dende o Eo ao Miño;  
chora a terra toda, dende o outeiro ao mar

Din que dixo mimosa ¡Benvido meu Filliño!  
namentras amorosa íalle a frente bicar.

Prototipo da Raza, non tés morto galego;  
os teus exempros viven permanente en nós;  
xa xermina a semente que espallaches no rego  
pra facer os galegos «xenerosos e bós».

E-as pombas dos vales, co seu doce arrulo,  
e o mar tebroso, co seu rouco bruar  
e-as fontañas deleitosas, co xentil mormulo,  
xuntas choran, ao gran celta, Antón Vilar.

Máis eu soio podo rendirme azoso  
diante da friasca cova na que sumido estás  
chegarme a beira d-ela e saloucar chorocho,  
¡Quedo, quediño! ¡Irmán, descansa en pas!...

Cipriano Alonso e Francisco Jañez.

(Do homaxe de «Abrentes».)

### Recordo ao Mestre

Tivo de ser «Abrentes», ise simpáti-  
co grupo alpinista ferrolán, quén, con  
sentimentalidade que lle honra, maxi-  
nou iste homaxe postreiro que hoxe  
se lle rinde ao meirande conoecedor  
i-erguedor da nosa terra. A un dos  
«bós e xenerosos» que, coa súa pru-  
ma consulta, puxo a Galicia no orde  
progresista e intelectual que pol-o mé-  
rito dos seus fillos lle correspondía.

Non se puido escoller millor cume  
pra istes sentidos homaxes. Porque  
dende il óllanse os frocidos paraxes  
que percorríu nas suas prolíficas e de-  
rradeiras sementeiras de nacionalis-  
mo, co-isa vos ateigada d-emoción,  
co-isa vos que salía da gorxa—cal vi-  
garo de redención—facendo un cha-  
mamento postreiro pra erguer o espi-  
to asoballado da terra dos seus doores,

pol-a que tanto loitou e sufréu, pol-a  
que fixo todo o que podía facer ¡EN-  
TREGARLLE A VIDA.

Foi Antón Vilar Ponte o home que  
todo llo adicóu á sofrida Galicia, den-  
de os artigos periodísticos,—treman-  
tes sempre dos nobles azos de con-  
querir milloramento social e cultu-  
ral—deica a súa extensísima labou-  
ra de prelo; velahí, a alleccionadora «Al-  
mas mortas» i-a espiroal, poética e  
maxistral produción. «Os evanxeos  
da risa absoluta».

Lembrádomo da súa vida de loita-  
dor, chéganse a min, coa mesma so-  
noridade e dozura, as suas derradei-  
ras e paternales verbas; «Saúde ir-  
mán, i-a traballar moito por ela». E  
agora, xa morto o Mestre, soia poido  
decire; «A tua sementeira dará o seu  
froito»...

Estades sobor d-ista vella montana

### OS TEMPRANOS DE EIRIS

Cuarteto para Festas  
e Romaxes

EIRIS, 39  
A CRUÑA

galega, que é terra da Patria qu-él tan-  
to amóu; terra, que, cal nai amantís-  
ma, lle deixou—ó 4 do Marzal—o seu  
embagoado mantelo pra que tapase  
os seus ollos murchos.

Xa que dende iste monte Laurel  
óllase aínda que un pouco esbaida-  
mente o seu cimiteiro—A Cruña—eu  
prégovos que, postos n-ela os ollos  
e-o curazón, gardedes ao irmán que-  
rido tres minutos de afervoadado silen-  
cio...

FRANCISCO YAÑEZ LORENZO.  
(Do homaxe do Grupo «Abrentes».)

**GALEGOS :** Consumide CHOCOLATE fabricado en Galicia. Así defen-  
deredes a economía da nosa Terra.

**Chocolateiros galegos:** Para defender os vosos intereses, os da voso  
industria e os da nosa Terra, non debe haber  
ningún que non pertenezca a

Asociación de Fabricantes de Chocolates de Galicia

### Gran Fábrica de Cervezas

# A BARXA

TIPOS:

DOURADA  
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOU-  
RAR POL-O ENGRANDECIMENTO  
D'A NOSA TERRA.

### LECTORES:

QUÉN QUEIRA UN TRAXE  
BÓ, XEITOSO E QUE LLE  
CUSTE POUCO DIÑEIRO,  
QUE O FAGA NA XASTRE-  
RIA DE

Xosé Varela da Costa

14 DE ABRIL, 16  
(perto do Tamberlick)

VIGO

### GALEGUISTA:

Podes contribuir extraordinaria-  
mente á difusión do noso Sema-  
nario e da súa labouira patrióti-  
ca se despois de o ler o deixas  
na barbeiría, no café ou na so-  
cieadade a que adoites ir ou o  
reexpides a algún amigo.

### CAFÉ

# GALICIA

Cantón Grande

A Cruña

FRANCISCO Barreiro Salas  
Perito Agrícola  
Santiago

R. GONZALEZ PASTORIZA  
Abogado  
Vigo

COLEXIO LEON XIII

VILAGARCÍA

Redacción-Administración:  
Rúa de Tetuán, 2-1.º—Pontevedra  
SUSCRICIÓN: 4 pesetas semestres. Pago adelantado.  
Número solto: 15 cts.

# A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XX Galicia, 29 de Maio do 1936 Núm. 416

Declaración de principios do P. G.  
I. Galicia, unidade cultural.  
II. Galicia, pobo autónomo.  
III. Galicia, comunidade cooperativa.  
IV. Galicia, célula de universalidade.

## Poema da Revolución nacional Estetoscopio

Elxía valente para o Mariscal Pero Pardo de Cela

Eras mastro—inda eres—lanzal en outo ceo.  
Eras lume—hoxe eres—sempre acéso nos tempos.  
Eras auga—está con nós—de emoción na saudade.  
Eras—eres hoxe—a ledicia da Terra.  
Eras—serás sempre—a canción do valor.  
Eras—sempre eres—a forteza da Patria.  
Eras tí, está contigo, o noso Estado.  
Eras tí, está contigo, a nosa Raza.

Moura noite de Galicia.  
Corvo mouro en sañardá.  
Frio e bruído de medos.  
Desventura de desgrazas.  
Valadouro.  
17 de Nadal.  
Mondoñedo.

O teu pensamento xa frouceu.  
A túa emoción verdegou entre nós.  
En estrela senlleira.  
En gume de fouces feridor.

Pra tí,  
a gracia nacional que Deus puxo con nós.  
Pra tí,  
a gloria eterna que Deus nos consagróu.  
Pra tí,  
a raiola de alboradas rebeldes que deschoe días nosos.  
Fuches home en Galicia.  
Xa eres mito na Patria.  
Cabaleiro de esperanzas.  
Herói na triste data.  
Mais non eres lembranza, nin agarimo, nin morriña, nin tristura.

Iso ficou nos antergos.  
Esto sí: Coraxe, forteza, rebeldía.  
E sacrificio.  
Sacrificio.

Teu espírito foi valor.

AI, Mariscal de Galicia,  
Teu ánimo está con nós!

Maio, de 1936.

JACOB

(No «Cartón épico de Galicia»)

## RONSEL

Aproxímase o momento en que Galicia vai a alcaldar a súa autonomía. Ninguén terá que poñelo en dúbida. Até os mesmos inimigos que durante longas e consecuentes tempadas viñeron atacando duramente a aspiración autonomista, son no día de hoxe, sinón os seus máis destacados defensores—reacción calculada e prometida, co seu tanto de oportunismo—os sostedores d-unha teoría de absoluta tranxencia. As circunstancias variaron profundamente. Xa non temos os galeguistas que preocuparnos de desvirtuar afirmacións envenenadas de sistemático obstruccionismo, feitas co retorto propósito de opoñerse a canño sinifique idea nova e liberadora. Xa temos os camiños alcadados e vencidos. Xa se albisca a hora solemne e mañífica do triunfo.

Pro iste debe faguernos entrar na meditación síquer non deixemos folgarnos na inactividade. E mester que pensemos na autonomía, d-un xeito algo máis trascendente que n-unha plebiscitación. Xa sei que todo é preciso, pro non único. Non podo tampouco esquecerme, que hai tamén unha importancia predominante na xestión de previo. Pro convén recordar ao mesmo tempo que non temos de quedarnos nos preliminares.

Endebén, teremos de estar atentos, refreivamente atentos, ao porvir que se aveciña. Nós, os galeguistas, debemos darnos conta, de que somos tan soio colaboracionistas d-un Estatuto. N-ise programa de goberno hai dilatadas perspectivas. A nosa posición ha de ter un craro desíño propulsor. Ningún oportunismo poderá desviar a liña recta da nosa sinificación como partido de doutrina e de eficacia pragmatista. A nosa fleisibilidade terá un senso táctico, prolongador da nosa actividade. A fleisibilidade non foi nunca adaptación, sinón solvencia. Desconoceríamos os nosos propios fins, si non tivésemos consciencia axe-

tada da nosa posición en cada momento. Seguridade e confianza na propia eficacia, serán sempre o resultado garantizado do auto-control.

Pro tamén temos de ter en conta a nosa obriga terminante: a lealdade. Nós, os galeguistas, non furtamos nunca o contido do noso programa de partido político. Política de aspiracións reais ou realistas que tenderán a cotío en plasmarse en mandatos xurídicos. Ninguén pode negarnos a razón lóxica das nosas aspiracións. Pretender faguelo, sería tanto como pretender enganarnos por desconocemento da nosa sustantividade. Pro nós homes de respetar sempre os nosos compromisos, corresponde rixidamente cos pactos sinados. Un partido político é, máis que nada, unha liña de conducta. Ela ha de marcar en todo instante calisquera que sexan as circunstancias eventuales oritmo da nosa traectoria. Por riba de todo, seriedade. Primeiro que ren, consecuencia. Denantes que ningunha cousa, lealdade.

O Partido Galeguista ten, arestora, unha outa misión diante de sí. A personalidade d-un partido político ha de tallarse en responsabilidade. Ocasión temos de chegar a ser un gran partido e unha fecunda executoria política.

ROXERIU.

### Grupo de Xubin

O noso Grupo de Xubin (Ribadavia) en xuntanza xeral renovou a súa directiva que compoñen os irmáns seguintes:

Presidente, Lopez Gonzalez Quiroga.  
Vice, Xosé Cobo Bello.  
Segretario, Casiano Alvarez.  
Vice, Francisco Fernandez.  
Tesoureiro, Manuel Franqueira.  
Contador, Victoriano Alén.  
Vocaes: Xosé María Gonzalez, Xosé Gonzalez Estevez e Antón Gonzalez Viso.

O Sr. Calvo Sotelo acaba de declarar que é a hora dos Estatutos e que debe serlle atorgado tamén un ao Retiro de Madrid. Don Pepito Calvo é o home máis inxenuo de todos cantos militan no campo monárquico. ¿Supón él en serio que na situación en que está hoxe España, vanse a preocupar as xentes da autonomía do Retiro de Madrid? Tamén é gana de perder o tempo. Si as cousas siguen o rumo que levan, si o facendista da Dictadura non contén o desexo de aumentar o caudal autodeterminista dos lugares hispánicos, as súas veniales ideas non terán valor algún. A abundancia quitarálles o mérito. Pero ademais, coa ponencia de Estatuto castelán-leonés que andan a redairar deputados das súas másimas afinidás políticas, a consagración da súa ocorrencia, é casi unha broma. Isa mesma ocorrencia declarando autónomos aos carros de bois galegos, gravados con cinco pesos durante o seu mando, xa sería outra cousa. Conceder tal honor aos caciques de Ourense ou ao ademán flor delisado de Goicochea, tería moito máis senso. As xentes atoparíanlle eisplicación, porque en xeral as xentes saben da auténtica fé autonomista que acompaña decote a Calvo Sotelo.

Pero cecáis nós non interpretemos debidamente o desíño esencial que animou a Pepito Calvo a solicitar un Estatuto pra o Retiro de Madrid. Tal vegada soñe con unha nova reconquista do solar ibérico, inlada precisamente ali, entre escosor de pareaxas e xestos de namorados. A cabalo sobor do mundo das tebras, na búsqueda da luz, como a águia. A águia cesárea, siño de todo imperio. Ciro, Dario, César, Alexandro, Carlomagno, Carlos V, Napoleón... Imperatores... Calvo Sotelo presidente i-héroe do Retiro autónomo podería ser un primante humán feito no combate. Conductor de tropas e milicias, de masas encadradas en falanxes entusastas.

Velahí por onde se pode xustificar iste afán desmedido de autonomías que agora lle entrou a Pepito Calvo. E si é asin, nós respetamos, en canto tén de patriótica, a xenial idea do ex-segretario do Dictador.

SOLOVIO.

### Nota aclaratoria

No derradeiro «Estetoscopio» fixemos unha glosa humorística do espírito que reinou na asamblea de persoeiros das Cámaras da Propiedade galegas, celebrada en Compostela. Hoxe queremos facer unha aclaración pública encol do axunto, por considerala de xusticia. I-é a referinte á tónica marcadamente autonomista e galega sostida pol-os presidente e secretario da Cámara de Santiago, señores Martínez Otero e Santiso Girón, e pol-o Secretario da de Pontevedra Sr. Cabanillas, que contrastou co espírito antiestatutista dos demais asambleistas, que conste así.

## PARA OS GRUPOS

### Unha laboura inmediata

Algúns Grupos Galeguistas veñen desenrolando unha propaganda autonomista de gran eficacia. Por medio de conversas e conferencias nas parroquias, sociedades agrarias e tamén conversas de carácter particular entre os paisáns andan os nosos irmáns a expricar as ventaxas do Estatuto e o que él sinifica para Galicia e para os labregos. Este é o comenzo de unha intensa actividade de propaganda que o Partido desenrolará ademais da que faga en intelixencia e común acordo cos partidos do Frente Popular e Comités de Autonomía. A iniciación d-esta campaña está n-esta de absoluta eficacia que veñen realizando moitos dos nosos Grupos especialmente os que radican no agro.

Velahí unha boa actividade a desenrolar n-este intre. A actuación dos galeguistas ten de anticiparse e chegar a todas partes. Esta laboura que sinalamos ten a ventaxa de preparar eficazmente a opinión para o Plebiscito rendindo unha indiscutibel eficacia.

Chamamos a atención dos Grupos que aínda non a comenzaron para que se dispoñan a efectuala axiña. Eles han ser os voceiros que fagan chegar a todas partes, con discusións, acraracións, e demáis aspectos da laboura, a divulgación do que para Galicia ha representar o establecemento da Autonomía.

## VIEIROS

Diante do intre actual no que a ansia autonomista xa non é unha angueira excrusiva dos galeguistas temos que pensar con ledicia en cómo as nosas ideas, as nosas prédicas non caeron en valuto.

Ao fin o autonomismo afincouse fortemente na conciencia galega. Afincouse xa que non por sentimento integramente si por necesidade. Porque foron as nosas labours a prol da idea autonomista as que crearon unha minoría patriótica que se manifesta de maneira nidia nas ringleiras dos galeguistas convencidos que espallados por Galicia adiante fan a súa laboura.

E afirmouse aínda máis por esa necesidade de que falábamos. Aqueles homes que se din prácticos e que nos teñen combatido cebándonos como un aldraxe o dictado de «románticos e ilusos» decatáronse xa de que o noso romanticismo, as nosas ilusións tiñan o seu asentamento sólido, ademais, nas necesidades materiais da nosa terra.

O noso vello convencemento de que Galicia endexamáis podería n-un réxime centralista acadar a máis pequena solución aos seus problemas de todo orde. pasou a ser xa un convencemento xeral. Non hai como o tempo para lle dar a razón a quen a ten.

Incruso aqueles que cando se procrumou a República procrumaron tamén combatíndonos a nós, que tiñamos as nosas dúbidas que o tempo veu a confirmar que con ela xa Galicia estaba salvada, hoxe reconosceon o falso da súa suposición.

Cinco anos pasados de República, con dous triunfos esquerdistas de carácter renovador ou revolucionario deixaron sin solución os problemas galegos. Todo ficou igual ou casi igual. No político, no económico e no social. E xa non digamos no que atingue ao espírito auténticamente galego que si revive hoxe e mantense en esperar senlleiro é a nós, galeguistas, a quen se lle debe excrusivamente.

Tiña de ser así porque o centralismo, por moi repubricán que sexa, é o máis craro nemigo das posibilidades de milloramento de Galicia.

Nós, os galeguistas, por convencemento espiritual, aficando no análise realista da situación de Galicia, e os outros por convencemento material de que seguíamos e siguiríamos sempre

na mesma si Galicia non é autónoma trouxéronos a este intre de absoluta unanimidade autonomista. Intre que nós temos que ollar co natural orgullo e coa lóxica fachenda de quen, ao fin, ve asistido do público reconosemento toda unha laboura de varios lustros e sobor todo olla en camiño de ser realidade aqueles postulados ideolóxicos que mantivo sempre ao longo de unha actuación ininterrompida.

Temos confianza en que o intre non se perderá. Que Galicia dentro de algúns meses poderá gozar dos beneficios da autonomía. Máis si esto por calquer circunstancia non chegara a ser, para nós xa non sería pouco ter chegado a este intre de encendido e prometedor autonomismo. Habida conta de que si este intre se malograra ou retrasara non sería por vontade de Galicia sinon por alleas causas que virían a ser, entre outras demostracións, unha máis na perentoria necesidade que Galicia ten de ir a toda presa ao establecemento do seu réxime autónomo.

Si como é lóxico supoñer este intre trae aparelado tamén a conquista autonómica na que hoxe todos participan debemos pensar que aínda fica aberto para nós, os galeguistas, aquel camiño do espírito que temos de seguir percorrendo.

Que os convencidos hoxe por necesidade o sexan tamén mañán por sentimento, por reconosemento da totalidade do noso ideal.

EU.

### Grupo de Dacón

En Dacón (Ourense) ven de seconstituir un novo Grupo do Partido dirixido por entusiastas galeguistas.

En xuntanza xeral de constitución foi elixida a seguinte directiva:

Presidente, Alfonso Rodriguez Fernandez.  
Vice, Bautista Prado Otero.  
Segretario, Luis Mosqueira Garcia.  
Tesoureiro, Isaac Gonzalez Puga.  
Contador, Constante Alvarez.  
Vocaes: Francisco Gonzalez Salgado, Xesús Fernandez Valeiras e Arturo Gonzalez Caxide.

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra